

## ESCOLMA DE TEXTOS DE ALEXANDRE BÓVEDA

### **GRANDE DILEMA PARA A MOCEDADE GALEGA** (A Nosa Terra, nº 331, 14 de abril de 1934)

Si se afonda un pouco na gran loita político-social que no mundo se está ventilando, non é difícil albiscar que as suas raíces son, principalmente, de orde económico, e que a sua posible solución xira arredor distas dúas ideas: Estados históricos e xustiza social.

Dunha banda, as ideas de tipo comunista; doutra, as de tipo feixista; no meio, a institución democrática dos Estados históricos, máis ameazada cada data, non tanto pol-os ataques dos seus nemigos como pola falla de fé e a inmoralidade dos seus representantes.

Comunistas e feixistas coinciden en precurar os estados fortes, sobre a base de formas dictatorias, para aseguraren a realización dos seus postulados. Discrepan no fin: quéreno os primeiros para estableceren un réxime novo, mais xusto, tanto no económico como no político e social; precúranos os segundos para exaltaren i-enforteceren a inxustiza e o imperialismo dos seus respectivos estados. Uns e outros mezclan nos seus programas e nos seus feitos cousas alleas a ista finalidade, que é a que principalmente axunta masas arredor distes dous bandos en loita.

Namentras, un movemento de mocidade, xa trunfante en algúns estados novos, estáse producindo na Europa. Movemento chamado a dar a solución dista crise porque o mundo atravesará, e a iniciar un novo ciclo histórico, que, recolla os seus postulados de xustiza social, aproveite canto hai de bó no ensaio ruso, e, encuadrando as novas institucións político-económicas sobre a base da federación universal das patrias naturais, guinde para sempre cos artificiais Estados históricos, cuio imperialismo e inxustiza social e unitarismo pretende exaltar e perpetuar o feixismo, reacción histórica dun réxime chamado a desaparecer.

A mocidade galega está, pois, diante d-un gran dilema: ou extraviarse na loita de agonía dun réxime; ou tomar, con fé, con acometividade, con audacia, o vieiro da reconstrucción da sua patria natural, de Galiza, en irmandade cos mozos nazonalistas de todas as patrias naturais do mundo, coa consiña que xa soou nestas columnas, e que os mozos nazonalistas galegos deben facer súa: contra os Estados históricos, imperialistas e in-xustos, que o feixismo quer conservar.

Eis a grande revolución en que eu pensó que deben amosstrar a súa rebeldía os nosos mozos; eis a gran revolución a prol da Patria Galega que teñen de realizar.

## **SOCIALISMO E NAZONALISMO** (A Nosa Terra, nº 339, 7 de xullo de 1934)

Inda que sexa co retraso imposto pol-as circunstancias, non podemos deixar de reproducir e comentar unha Editorial que "El Socialista" publicou non hai moito.

Dixo eisí o órgao do Socialismo:

"No berce mesmo da Internazonal, cando se está forxando iste instrumento maravilloso, coinciden os fundadores no mitin celebrado o ano 1863 en pro da Independenza de Polonia.

A Internazonal quer borrar as fronteiras, pro sen menoscabo das nazonalidades, senón con ampla libertade pra que cada unha d-elas realice a tarefa de ben e de beleza que lle trace e sitñale o seu xenio.

Tan verdade é iste criterio que sinalamos que cando se funda, no ano 1889, en París, a Segunda Internazonal, son ademitidos no Congreso delegados das nazóns que non eisisten administrativamente, e o mesmo que ocorre nos Congresos sucesivos. Eisí hai delegados checos, bohemios, finlandios, australiáns, indios, canadienses, armenios, polacos, bosníacos, etc., sen que ninguén teña ren que decir.

Na España tense sempre o mesmo concepto das nazonalidades e autonomías; somentes se recela n-algúns casos que as independenzas e as autonomías poidan ser danosas á crás es-protada pol-o espírito reacionaño e mesquiño de algúns nazonalistas como os bizcarras e as xentes de dereita da Lliga do "Senyor Esteve".

Cando o ano 1895 estalou a insurreizón de Cuba pol-a súa independenza, o Partido Socialista espresou axiña e nidiamente o seu sentir no semanario: "Escravos que arelan redimirse, os traballadores conscentes non poden ser partidarios de que se goberné a ninguén contra da súa vontade".

En agosto de 1896, celebrouse en Londres o IV Congreso da Segunda Internazonal, ao que asistiron representantes de dezanove nazonalidades. N-unha das primeiras sesións presentouse un mensaxe de simpatía cara todol-os que loitan por conquistal-a súa nazonalidade. O Partido Socialista Español e a Unión Xeral estaban alí representados por Iglesias, Quejido, Vera e Casimiro Muñoz; o primeiro voto que tivo o mensaxe foi o de España, sendo aclamados os delegados.

Eiqué os xornás e os elementos de "hasta el último hombre y la última peseta" -e entre iles tense de incluír por aitiva ou por pasiva a todol-os republicáns, -salvo Pi i Margall e os seus amigos- motexaron aos delegados, sinaladamente a Iglesias, de malos patriotas, traidores, etc.

E do que durou a guerra colonial, "El socialista" e o Partido estiveron do lado da razón e foron dos que pediron primeiro a paz coa Independenza.

Despois cando o Sr. Canalejas presentou ao Congreso un proieito de lei establecendo as Mancomunidades, Iglesias apresurouse a darlle o seu voto favorábel, non por topal-o bo, senón pol-o que tendía a favorecer a autonomía...

E agora mesmo, ¿non é a Rusia comunista unha Federazón de Repúblicas Socialistas Soviéticas?". Tenzoadamente subraiamos algúns párrafos, porque queremos chamar especialmente sobre d-iles a atenzón dos lectores.

Hai, como se ve, unha afirmazón de rigurosa ortodoxia nazonalista: libertade a cada nazón "pra que realice a tarefa de ben e de beleza que lle trace e asinale o seu xenio". E outra que non ofrece dúbida pra o caso de Galiza: recoñecimento de persoalidade a isas nazóns aínda "que non eisistan administrativamente".

Despois d-isto, coidamos que os socialistas galegos se decatarán do erro que cometeron no seu derradeiro Congreso de Monforte, e temos a seguranza de que está proisimo o reconecimento da nazonalidade galega e a decrarazón espresa de axudar ao seu recoñecimento quedarán afirmados de maneira rotunda e categórica, como en Monforte pedia a Seizón Socialista do Ferrol.

En Galiza os receios de que se fala no derradeiro párrafo sinalado non están xustificados de ningún modo. Os plutócratas galegos non son nazonalistas, senón pol-o contrario os máis rabiosos defensores do Centralismo e da España absolutista. E os nazonalistas non compartimos o materialismo que os socialistas profesan nin algúns extremos d-isa doutriña que estamos seguros de que son inapricabres á nosa Terra; pero no orde económico e social i-en canto atingue a desexar pra o noso pequeno propietario rural, os nosos mariñeiros e o noso proletariado o trato de xustiza a que ten dereito non cedemos o posto ao máis fervoroso socialista.

Ainda que non fose máis que pol-o mérito de ter sido os máis celosos defensores das nosas esenzas patrias, da nosa língoa, do noso folk-lore, da nosa arte e da nosa historia; por seren os que non se deixaron ganar por casi cinco séculos de castelanismo asimilista, isas crases, que son cerne e base do noso pobo, soio bens poden agardar d-un movemento nazonalista que, como o galego, ten n-elas e nas xuventudes escolares os seus máis celosos gardadores e o seu campo de aitividade, Os socialistas galegos teñen, pois, unha obriga pendiente coa nosa Terra que está agardando o seu cumprimento; que nos temos o deber de lembrarilles.

## **ASÍ PODEREMOS ENTENDERNOS** (A Nosa Terra, nº 358, 23 de marzo de 1935)

O número de "A Fouce" de Bos Aires, correspondente ao mes de xaneiro, que se recibíu con moito retraso, publica un extenso manifestó da "Pondal", ao que me parece comenente facer algúns comentarios.

Con respecto para as persoas (que moitas vegadas houbo que botar de menos nas páxinas de "A Fouce"), expóñense n-ise manifestó posicións claras, que xa cumprían pra que poidéramos entendernos.

Agora sabemos concretamente qué quer o grupo de nazionalistas da "Pondal", cuio órgao é "A Fouce" e podemos tamén sinalar a nosa posición respecto d-iles.

Cando se refiren á "verdade innegábel da eisistenza da Nación e da Patria Galega" e fan unha afirmación rexa de nazionalismo, que "'non é unha teoría inventada por alguén" senón a racionalización d-un sentimento e a afirmación d-un feito persistente a través de séculos de opresión e a vindicación da soberanía da Nación Galega"... , eu subscribo, totalmente, as súas opinións.

Cando afirman que a realidade galega proclama que as comenencias de Galiza están no arredismo total dos demais pobos de Hespaña... non podo menos de recoñecer -como teño afirmado en público moitas vegadas- que a nosa economía é separatista con relación á do Estado hespañol, ou que a son as dos demais pobos que o integran con relación á nosa, sin que endexamais o Estado centralizador e uniformista teña feito ren para armonizal-as, pois a súa política —n-iste orde, como no da cultura-foi sempre someter total-as demás a algunha d-elas que exerce a hexemonia.

Agora ben; postos a traballar a prol de Caliza, os caminos que se sigan poden ser difrentes. Risco, revisando a súa "Teoría do nazionalismo" acaba de escribir con visión certa: "O nazionalismo galego é unha doutrina no económico e no cultural e social. O autonomismo, o federalismo, o arredismo, non son mais que doutrinas políticas". E mais adiante engade: "Un movemento nazionalista político será unha ou outra d-isas tres cousas, asegún as comenencias nazonás e asegún as circunstancias históricas do instante". A realidade ten demostrado, como exemplo de todol-os movementos nazionalistas anteriores ou parellos ao noso, que istas verbas de Risco expresan unha gran verdade.

E o Partido Galeguista nacen, precisamente, nun intre en que todol-os nazionalistas -desde os mais eisaltados arredistas hastra os autonomistas moderados- estimamos que as circunstancias aconsellaban aceptar unha solución federal ou autonómica. Así consta, ben claramente, no programa de aición do noso Partido. Consideración aceptada incluso por irmáns que gozan hoxe do favor de "A Fouce".

Poderase estar conforme ou non co-ista ourentación. E lexítimo que se faga o posíbel por provocar outra, si se considera máis comenente pra o futuro da Patria galega. Ao que non hai dereito é a negar lealtade e honradeza ñas intencións cando ninguén pode amostrar un historial de limpeza de conducta i esprito de sacrificio que aventaxe ao noso.

Nós estimamos que o camiño que o Partido Galeguista sigue é o mais acertado e comenente pra Galiza. E que debe persistir n-el, porque agora se aproisiman os intres en que pode dar froitos,

Se outros pensan que o arredismo é mellor, que se poñan a ándalo con constancia e firmeza. Veña ise Partido que a "Pondal" e "A Fouce" propunan, que non seremos nós os que lle poñan pedras onde tropecé.

A realidade dirá quen ten razón.

Pero que ninguén pretenda que nós deixémol-o noso e nos poñamos á laboura que non acaban de acometer os mesmos que nol-a sinalan como obriga.

## **O IMPOSTO INDIRECTOS NOS CONCELLOS** (A Nosa Terra, nº 369, 8 de xuño de 1935)

N-un traballo anterior, puxen uns merecidos comentarios de gabanza ao Programa local do Grupo de Sada. Vou ocuparme hoxe d-un punto concreto apuntado n-aquil Programa: a supresión dos impostos indireitos.

Nos presupostos dos nosos Concellos, fora dos recursos que proveñen do repartimento das participacións do Estado ou de rendas de bens do común, case todol-os demáis son indireitos e gravan preferentemente o consumo de artigos de todas crases: carnes, peixe, leite, ovos e toda crás de productos da terra.

Todos istes impostos están considerados unánimemente como anticientíficos e inxustos e a súa esaición ofrece moitísimos incomenentes.

Son inxustos no orde social, porque non se ten en conta pra establecelos a capacidade contributiva de quen ha de pagalos. Unha ducia de ovos, unha libra de carne, un neto de leite, etc., pagan o mesmo cando os consume un millonario que se os consume un pobre.

Son antecientíficos, porque a súa base é falsa. Preténdese co-iles establecer un gravamen "proporzual" facendo iste razonamento artificioso: quen consuma dobre, triple, etc., pagará tamén dobre, triple, etc. Pero esquécese que o consumo non só está en relación coa capacidade, senón máis ben coa necesidade, e ten un límite físico. Un rico non poderá tomar máis leite, carne, etc., que a que o seu organismo ademita; un probé con moitos fillos ou con familiares enfermos ten necesidade de consumir máis aínda que os seus medios económicos non aumenten.

Son de esaición costosa e molesta, porque requiren o noxento e desagradable sistema de fielatos ou portazgos, desbotado xa en todol-os países cultos.

Son antieconómicos, porque encarecen o prezo dos artigos cuio consumo gravan e dificultan e perturban as transaccións comerciás.

Podían sinalarse aínda máis incomenentes. Abondan os apuntados pra xustificar a súa desaparición. Mais quero n-istas liñas ocuparme especialmente de un, cecáis o máis importante de todos, ao que non se ten concedido aínda a debida atención.

Donde os acentos e o desastre d-unha política teñen o seu mellor espello é nos presupostos da entidade que ista política rixe. Pois ben: os impostos indireitos son a mellor maneira de burlar o control popular sen o que a arbitrariedade é o epílogo fatal de todo réxime político, igual se é parlamentaria, que se é corporativa ou calquera que seña a forma que colla.

Se a cada servicio novo, obra a realizar, etc., tivese que acompañarse, que fixarse o recargo que había representar na contribución de cada veciño, ou non prosperarían os proieitos disparatados, ou os veciños porían despóis gran intrés en pedir contas sobre da maneira como foron administrados. Os impostos indireitos fuxen a ise control, porque cando os consumidores mercan un producto non saben canto pagan de imposto.

Ademáis sirven de pretexto pra que os intermediarios suban desproporcionadamente os precios, e préstanse a moitísimas inmoralidás.

Fan ben os nosos Grupos en erguer madeira contra d-iles. É un dos pilares en que temos de apricar a nosa política administrativa renovadora.

Eu prometo insistir no tema traendo a istas columnas un proieito de reforma contributiva galega, de que forma parte o das Caixas de aforros a que alude o irmán F.L.C. que hai xa tempo presentou a Diputación de Pontevedra.

## A SERVIDUME TRIBUTARIA DE GALIZA

Madrid (no Ateneo), Agosto de 1935

(A Nosa Terra, nº 381, 7 de setembro de 1935)

Un dos ruáis especiosos argumentos que os anti-autonomistas opoñen á creación das Facendas rexionás, é que as rexións gastan máis do que ingresan-, na España adoita citarse al-gunhas rexións, ás cales se lles negan rotundamente as condicións económicas necesarias para vivere con independencia.

E como queira que unha das caloñadas é Galiza, aínda pol-os seus fillos espúrios que antepoñen o seu ben persoal á felicidade da patria, comenente é que defendamos á nai, que poñamos a nosa pluma e os nosos alentos ao servizo d-ela para reparar a súa honra sen lixo.

Galiza é unha rexión explotada pol-o centralismo. Galiza é unha terra de bendición que con escasa industria, ruins cultivos e peor comercio, suministra, n-oustante máis diñeiro que o que se lle devolve, que ingresa no Tesouro máis do que gasta, que pode vivir feliz e rica se o tutor a deixa, se o amo parlamentario a manumite.

As estadísticas e os presupostos o din; por non molestar a vosa atención con números, procurei hachar o termo meio dos ingresos e dos gastos, máis procurando eisaxerar istes e rebaixar moitísimo aquilo para que a razón seña máis poderosa e convincente. Velaiquí as miñas ouservacións:

Ingresos aproisimados que proporciona ao Tesouro o antigo reino de Galiza-.

C. Territorial	12.000.000 ptas.
C. Industrial	4.000.000 “
I de Dtos. Reas	2.000.000 ”
Descontó sobre sóidos	1.000.000 ”
I. de Consumos	6.000.000 ”
I. de Timbre	4.000.000 ”
I. de Cédulas	500.000 ”
Loterías	4.000.000”
Tabacos	5.000.000 ”
Bens e dereitos do Estado	1.000.000 “
	39.500.000 ptas.

Gastos da rexión galega asegún a aitual organización política:

Culto e Clero	4.000.000 ptas
C. Pasivas	5.000.000 ”
Adm. De Xusticia	650.000 ”
Admón. Provincial	2.500.000 ”
Admón. de Facenda	2.500.000 ”
S. de C. Telégrafos	1.250.000 ”
Vixiancia	500.000 ”
I. Pública	1.000.000 ”
P. de O. Públicas	1.000.000 ”
Material e Subvencións	3.000.000 ”
	21.400.000 ptas.

	Ingresos
39.500.000.-	
Gastos	
21.400.000.-	
Superávit	
18.100.000.-	

Velahí o que en 1892 decía o noso gran Alfredo Brañas, figura excelsa do noso movemento cuxa obra está aínda por estimar n-algúns aspectos todo canto merez.

Eso decía no seu discurso inaugural do curso 1892-1893 en pleno Paraninfo da Universidade Galega. Decía isto e outras cousas que aínda algúns espíritos cativos consideran hoxe atrevidas, sen que ninguén esgazase as súas vestimentas.

Porque decía unha gran verdade. A verdade sangante da nosa irritadora servidume tributaria. A mesma que Asdrúbal Ferreiro probou en 1925. A mesma que eu probei de novo en 1931. A mesma que, con moita máis elocuencia, me propoño probar, outra vegada, co traballo que, aproveitando a miña estancia aquí, estou arranxando.

Os feitos non ademiten voltas cando están tan de bulto. Iles serán sempre os mellores aliados das nosas verdades incontrovertibles i-eternas.

¡Adiante, irmáns!